

SISTEMA DE DIAGNÓSTICO INTEGRAL PORTABLE (MR331 FEADER 2022-045B)

O resultado xeral do proxecto foi un sistema composto por unha ferramenta hardware de monitorización portátil e unha aplicación software de xestión e análise de resultados, útil para o gandeiro e que lle proporciona información e aconsellamento para mellorar o desempeño da súa granxa.

O sistema de monitorización consiste nunha serie de sensores que avalían os seguintes parámetros: ambiente (radon, COV, CO₂, humidade, temperatura, presión e luz), auga (consumo de auga), tanque de leite (consumo eléctrico, consumo de auga, volume do tanque, temperatura), meteoroloxía (presión, temperatura, velocidade instantánea do vento, dirección instantánea do vento, velocidade media do vento durante 15 min., refacho, dirección media do vento durante 15 min., punto de orballo, humidade, intensidade de choiva, radiación solar, índices de sensación térmica, evapotranspiración...).

O usuario potencial aforrará no uso de auga e electricidade usando estes recursos dunha maneira máis racional para a súa explotación e para o ambiente.

Un dos resultados específicos acadado foi a creación da nova ferramenta de monitorización, xestión e análise de datos e aconsellamento.

Outro dos resultados específicos acadado foi a matriz de recomendacións, a partir das cales o gandeiro pode tomar decisións e mellorar a eficiencia da súa explotación.

Unha xestión máis eficiente da explotación leiteira non só mellora os resultados económicos, senón que tamén contribúe á loita contra o cambio climático.